

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN LITERATURA DRAMÁTICA - 2º BACH - 2025-2026

Cualificación por avaliación:

En cada avaliación, ponderaranse dúas variables:

- **Proba teórica escrita: 50%**. A proba teórica, que se deberá realizar en lingua galega, por ser a lingua vehicular da materia, pode referirse tanto aos contidos teóricos dos bloques de contidos como ao desenvolvemento de supostos prácticos: análise reflexiva e comentada dun texto dramático e/ou espectáculo de artes escénicas; elaboración dun texto dramático a partir doutro tipo de texto ou doutro estímulo, definición de conceptos básicos relacionados co xénero dramático, análise dos elementos dramáticos (caracterización de personaxes, conflito dramático, espazo escénico, música, iluminación etc.), expresión de criterio persoal, crítica textual, interpretación de obras teatrais etc. Tamén serán obxecto desta proba as lecturas obrigatorias propostas pola CIUG para a proba PAU.

A cualificación desta parte, en cada unha das avaliacións, pode obterse utilizando un ou dous dos instrumentos de avaliación que se mencionan a continuación:

1) Unha ou máis probas escritas por trimestre (exame)

2) Traballo(s) obrigatorio(s). O profesorado poderá propor diferentes traballos obrigatorios ao longo do curso, individuais ou grupais. Se non se entrega o(s) traballo(s) na data fixada, a puntuación será cero. O alumnado terá que expor oralmente o seu traballo, se así llo indica a profesora.

Se se realiza máis dunha proba escrita ou traballo obrigatorio, acharase a media aritmética entre eles. O alumnado poderá entregar traballos **voluntarios**, propostos por el, co visto bo do profesorado, ou polo profesorado. Estes non se poderán entregar nas dúas semanas anteriores a cada avaliación e só se poderá obter unha cualificación máxima de **0,5** puntos polo traballo(s) entregado(s).

Na cualificación da proba teórica ou traballos escritos, **descontarán** erros de expresión (redacción), puntuación, non utilización de terminoloxía adecuada e ortografía. Por erros de acentuación, descontarase 0,05; por erros ortográficos, 0,10, até un máximo de 2 puntos.

Se se detecta a utilización de **métodos fraudulentos** na realización dos exames, ou se detecta algún alumno copiando durante as probas, procederase á retirada do exame e a cualificación será automaticamente un 0. Neste caso, se os prazos da avaliación o permiten, o alumnado será convocado a unha proba oral. Se os prazos non o permiten, a cualificación da avaliación será calculada en función das notas recollidas durante esa avaliación, contando un 0 a proba copiada. No caso de que non supere a materia, terá que se presentar á recuperación na data sinalada polo profesorado. Esta mesma actuación e procedemento cualificador será o aplicado para os traballos escritos, ao se detectar tamén o uso de métodos fraudulentos (por exemplo, utilizando chat GPT, copia directa dalgunha páxina de Internet.). O **beneficio da dúbida sempre será en favor do profesorado**.

De se realizar máis dunha proba escrita e/ou traballo obrigatorio, acharase a media aritmética entre elas.

- **Parte práctica: 50%**. Participación positiva diaria na aula, traballo regular na aula, preparación das obras e traballo na casa, participación no xogo dramático, dramatización, iniciativa na creación colectiva, creación de textos dramáticos, resolución de conflitos do traballo en equipo/cooperativo, presentación de varios proxectos dramáticos e representación, reflexión crítica e construtiva nas súas valoracións e intervencións etc. **Ao se valorar a práctica diaria na aula, con actividades onde se precisa presencialidade e traballo cooperativo entre o grupo, é preciso que o alumnado asista á clase (as faltas de asistencia non permiten realizar traballo en equipo e cooperativo, polo que influirá na cualificación)**. Esta parte avaliarase mediante un ou varios dos seguintes instrumentos de

avaliación: observación sistemática na aula, táboas de indicadores, escala de estimación e/ou rúbricas. Poden realizarse exames individuais prácticos en que o alumnado deberá demostrar a súa destreza no ámbito da literatura dramática, seguindo as indicacións do profesorado. Terase en conta o uso oral da **lingua galega** por parte do alumnado, xa que será a lingua vehicular da materia.

A **avaliación parcial** estará aprobada cando a cualificación sexa igual a **5** ou superior, atendendo aos criterios porcentuais explicados arriba (proba teórica, 50% + proba práctica, 50%).

No relativo ao **redondeo**, en cada **avaliación parcial** aplicarase o redondeo á alza cando o decimal é igual ou superior a **0'8** e, pola contra, se é inferior, irá á baixa. Mentres, na **cualificación final** o redondeo será efectivo á alza a partir de **0,5** ou á baixa se é inferior.

A **cualificación final** obterase a través da media ponderada das tres avaliacións parciais tendo en conta a **cualificación do boletín (XADE)** e o redondeo explicado arriba (a partir de 0,5), segundo as seguintes porcentaxes:

1ª avaliación: 30%

2ª avaliación: 30%

3ª avaliación 40%

A materia considerárase superada cando a cualificación final sexa **5** ou máis.

A **proba extraordinaria** poderá consistir nun dos seguintes instrumentos de avaliación:

1) Unha proba escrita en que se recollerán os contidos da materia (50% da nota) e unha proba práctica (50% da nota)

2) Unha única proba escrita (100%).

Para superar a avaliación extraordinaria, é necesario que o alumnado obteña unha puntuación mínima de **5** puntos na proba correspondente. Neste caso aplicarase o mesmo redondeo que na cualificación final (a partir de 0,5).

Criterios de recuperación:

Ao rematar cada unha das avaliacións, ou ben nos meses de abril-maio, en función das datas fixadas para a PAU, o alumnado realizará unha proba escrita sobre o contido específico suspenso. En caso de obter cualificación positiva, será esta a nota que se terá en conta para a cualificación final. Para considerar a materia superada terá que acadar unha cualificación de **5** ou máis, aplicando o redondeo segundo o establecido nos criterios de cualificación.

En caso de non ter superada a materia antes da avaliación final ordinaria, esta poderá recuperarse mediante a realización dun exame global no mes de maio. A cualificación será positiva en caso de acadar **5** ou máis puntos, aplicando o redondeo segundo o establecido nos criterios de cualificación.

En caso de non superar a materia na convocatoria ordinaria, accederase a unha proba global extraordinaria que se realizará no mes de xuño, segundo calendario establecido por xefatura de estudos. A cualificación será positiva en caso de acadar **5** ou máis puntos, aplicando o redondeo segundo o establecido nos criterios de cualificación.